

ACTA DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO

Con data de 24 de outubro de 2.022, de forma telemática, tivo lugar a reunión para resolver os asuntos previstos no calendario electoral aprobado o 27 de maio de 2.022 polo Secretario Xeral para o Deporte que foi modificado Secretaría Xeral para o Deporte o 29 de setembro de 2022, así é que se trataron o seguintes puntos;

PRIMEIRO.- DIMISIÓN DO PRESIDENTE DA COMISIÓN XESTORA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO

Con data de 24 de outubro de 2.022 recíbese por rexistro da Federación Galega de Piragüismo a dimisión de D. Jose Alfredo Bea García como presidente da Federación e da Comisión Xestora da Federación Galega de Piragüismo. Corresponde polo tanto o desenvolvemento desta función, ata o momento no que se tome posesión por parte da nova presidencia da Federación Galega de Piragüismo a D. Martín Carballo Méndez, como presidente da Comisión Xestora.

Tralo informe e posta en coñecemento de todos os membros da Xunta Electoral, danse por enterados e conformes co mesmo.

SEGUNDO.- TOMA DE POSESIÓN

Recibíronse, ao abeiro do artigo 23.1 do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidencia e Comisión Delegada da Federación Galega de Piragüismo, no prazo correspondente, escrito das seguintes persoas físicas ou xurídicas proclamadas membros electos da Asemblea Xeral aceptando o seu cargo de asembleísta da Federación Galega de Piragüismo. Así é que son:

TÉCNICOS

Nº	TÉCNICOS
1	JUAN JOSÉ COSTAL FILGUEIRA
2	DIEGO GONZÁLEZ VICENTE
3	JUVENTINO PÉREZ GONZÁLEZ
4	JOSE LUIS FERNANDEZ BERMEJO
5	XOSE HENRIQUE RODRÍGUEZ PORTELA

ÁRBITROS

Nº	ÁRBITROS
1	DARÍO TIAGO LÓPEZ
2	ANTONIO ROMERO VILA
3	JOSE MANUEL SÁNCHEZ MOURE

CLUBES

Nº	AUGAS TRANQUILAS
1	CLUB NAVAL DE PONTEVEDRA
2	CLUBE RÍA DE BETANZOS
3	CLUBE DE PIRAGÜISMO AS TORRES ROMERÍA VIKINGA
4	CLUBE PIRAGÜISMO FLUVIAL ALLARIZ
5	CLUBE PIRAGÜISMO RÍAS BAIXAS-BOIRO
6	ESCUELA DE PIRAGÜISMO CIUDAD DE PONTEVEDRA
7	CLUBE DE PIRAGÜISMO GRUPO XUVENIL DE AS PONTES
8	CLUBE CMDC BREOGAN DO GROVE
9	CLUBE FLUVIAL O BARCO
10	CLUBE PIRAGÜISMO RIANXO
11	CLUBE PIRAGÜISMO ILLA DE AROUSA
12	CLUBE DE PIRAGÜISMO C.P. PORTONOVO
13	CLUBE DE PIRAGÜISMO VIVEIRO
14	CLUBE NAUTICO PONTECESURES
15	CLUB PIRAGÜISMO CIDADE DE LUGO
16	CLUBE DE MAR RIA DE ALDAN-GANDON
17	CLUB DEPORTIVO NAUTICO DE MIÑO
18	CLUB NAUTICO COBRES
19	CLUB PIRAGUISMO OURENSE
20	CLUB FLUVIAL DE AVION - CASTRELO DE MIÑO
21	CLUB KAYAK VIGO
22	CLUB FLUVIAL DE LUGO
23	REAL CLUB NAUTICO RODEIRA DE CANGAS

Nº	AUGAS BRAVAS	
1	CLUBE DEPORTIVO NAUTICO MIÑO-TEIXUGOS	
2	CLUB TEA DE MONDARIZ BALNEARIO	
Nº	MARATÓN, RÍOS E TRAVESÍAS	
1	CLUBE DE PIRAGÜISMO ALTRUÁN DE RIBADEO	
Nº	CAIAC DE MAR	
1	CLUB NAÚTICO FOLIXA	
Nº	CAIAC POLO	
1	CLUBE COPACABANA	

DEPORTISTAS

Nº	AUGAS TRANQUILAS	
1	Mª ARACELI MENDUIÑA SANTOMÉ	
2	JOSE JORGE CARRO FERNANDEZ	
3	JAVIER HERRERA ÁLVAREZ	
4	JOSÉ MANUEL DEVESA JUBÓN	
5	CARLA RAÑÓ ROMERO	
6	JOSE MARÍA PAZOS ABAD	
Nº	AUGAS BRAVAS	
1	EMILIO GONZÁLEZ GÓMEZ	
2	MARCOS FORTES PEREIRA	
Nº	CAIAC POLO	
1	MANUEL RODRÍGUEZ FRESCO	
Nº	CAIAC DE MAR	
1	JESUS PÉREZ RIAL	
Nº	DGAN	
1	NOEL DOMÍNGUEZ MARTÍN	

Polo tanto, dase por evacuado o trámite oportuno do artigo mencionado que fai referencia a toma de posesión, finalizándose polo tanto a Fase V do procedemento electoral.

TERCEIRO.- PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS A COMISIÓN DELEGADA

A correspondente formación da Comisión Delegada trátase no artigo 25 do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Piragüismo, onde se nos expón no punto segundo que;

“O número de membros da comisión delegada da Federación Galega de Piragüismo é de 6 máis o presidente que pertence a mesma como membro nato. Deberá gardarse a seguinte proporción:

- *Un terzo da comisión delegada debe ser designado polo titular da presidencia da Federación (dous membros). (...)*
- *Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre os mesmos (dous membros).*
- *Un terzo corresponderá aos demais estamentos (dous membros). (...)*”

Pola presente, e trala finalización do prazo marcado polo calendario electoral, recibíronse na dirección electrónica da Xunta Electoral un total de 4 candidaturas, as cales se dividiron da seguinte forma conforme o artigo exposto:

TERZO CORRESPONDENTE AS ENTIDADES DEPORTIVAS

- Clube Piragüismo Fluvial Allariz
- Club Piragüismo Ciudad de Lugo

TERZO CORRESPONDENTE AOS DEPORTISTAS, ÁRBITROS E TÉCNICOS

- | | | |
|---|----------------------------|----------|
| - | Juan José Costal Filgueira | TÉCNICOS |
| - | José Manuel Sánchez Moure | ÁRBITROS |

Despois da exposición dos nomes, dase conta de que o número de candidatos presentados é igual ao de postos a elixir, así e que, en referencia ao acontecido atopámonos no artigo 25.3 do Regulamento o seguinte:

“(...) Se no prazo establecido para presentar candidaturas se presentase un número inferior aos postos a elixir, ditos candidatos enténdense automaticamente elixidos sen votación e poderán presentarse no acto da asemblea xeral para cubrir as vacantes outros candidatos que serán sometidos a votación entre os restantes membros da asemblea (...)”

En base a dito artigo, establécese e enténdese que ao cadrar o número de candidaturas co número de postos vacantes na comisión delegada é consolidado o posto destes candidatos na mesma. Polo tanto, non se pode levar a cabo a presentación de mais candidatos no acto da asemblea xa que todos os postos están cubertos e polo tanto tampouco se pode realizar ningunha votación no referente o asunto, xa que nos atoparíamos nun absurdo ao votar a 4 candidaturas para 4 vacantes, distribuídos da forma exposta previamente.

CUARTO.- PROCLAMACIÓN PROVISIONAL DE CANDIDATOS Á PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO

Pola presente, e trala finalización dos prazos marcados polo calendario electoral, recibíronse na dirección electrónica da Xunta Electoral o número de 1 candidatura, así como tamén por Rexistro da FGP, que corresponde a;

- José Alfredo Bea García

Dito candidato cumpre os requisitos estipulados nos artigos 21 e 7, aportou a documentación requirida nos mesmos e acompañando dita solicitude coa presentación de 6 avais, correspondentes ó 12 % da asemblea xeral.

Destacar que cómo se indicou no primeiro punto, no momento da presentación da súa candidatura, D. Jose Alfredo Bea García xa non era presidente da Comisión Xestora, non incorrendo, polo tanto, en ningunha causa que impida a presentación da súa candidatura.

QUINTO.- CELEBRACIÓN DA ASEMBLEA CONSTITUÍNTE

Tras a observancia dos puntos expostos ata o momento, dase conta de que non é preciso realizar votación algunha, nin de cara a presidencia nin á comisión delegada, e todos e cada un dos membros da asemblea xa tomaron posesión do cargo, non tendo motivación para realizalo presencialmente. Polo tanto enténdese que non é necesaria a realización da asemblea constituínte.

Polo tanto expone a posibilidade de consultar á Xunta de Galicia a posibilidade de non celebrar dita asemblea e tamén a forma de proceder a continuación.


Todos os membros de da Xunta Electoral móstranse a favor da realización da consulta.

Polo tanto, en base os puntos expostos, e con fundamento xurídico no documentado ao longo do documento extraídos do Regulamento, por esta Xunta Electoral ACÓRDASE;

- I. A correcta toma de posesión dos membros da Asemblea Xeral da Federación Galega de Piragüismo expostos no punto segundo.
- II. A proclamación como candidatos provisionais aqueles presentados á Comisión Delegada, así como o acordo de non celebrarse eleccións a membro da Comisión Delegada conforme o exposto no punto terceiro.
- III. A proclamación como candidato provisional a D. Jose Alfredo Bea García á Presidencia da Federación Galega de Piragüismo.
- IV. A realización da consulta a Secretaría Xeral para o Deporte tratando o asunto exposto no quinto punto.


Contra os acordos adoptados neste acta, só caberá interpor reclamación ante a Xunta Electoral en base ó artigo 21.6 do Regulamento no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación deste documento.

A PRESIDENTA




Fdo.: Valeria Romero Gómez

O VOGAL



Fdo.: Iván Ferro Herbón

O SECRETARIO



Fdo.: Eddie Freire Suárez